



Quintá - A Grade (San Vicente) - Chantada, 1978

Informante: Concha Casal Eiriz “Concha do Casal”

Compilador: Miguel López Coira

Autores da recolla: Miguel López Coira e Xosé Figueroa

Transcrición: Paula González e Isabel Vigo

Nosa Señora do Faro
cando vai subir a costa
un anaco vai descalza
e outro anaco pon a zoca.

Chegando ó campo (?)
unha miga descansou
mirando pro seu camiño
que ningún toxo botou.

Cando chegou á capela
alí por todos rezaba
pero nunca se esqueceu
da comarca de Chantada.

Miña Naiciña querida
de lonxe vímoste ver
pois ti eres a nai de todos
non te queremos perder.

Que es desta alta montaña
que che de tanta terriña
nunca ti tes que esquecela
nin do resto da Galicia.

Adiós ti miña Naiciña
hasta o ano que volvamos
se non nos vemos eiquí
que no ceio nos vexamos.